

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO. LISTAXE DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NA SELECCIÓN DE PERSOAL PARA PEÓN DE OBRAS.

De conformidade co expediente de provisión dunha (1) praza de persoal laboral temporal para o servizo municipal de obras, categoría peón, seleccionado a través de concurso de méritos, de conformidade coas bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro de 2016, e anunciadas no xornal La Región de data 5 de outubro de 2016, a partir da cal comezou a contar o prazo para a presentación de solicitudes e que rematou o 10 de outubro de 2016.

Visto o certificado de Secretaría de data 11 de outubro de 2016 sobre as solicitudes achegadas no rexistro xeral do Concello.

En virtude do disposto no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, Refundido da Lei de Facendas Locais,

RESOLVO

PRIMEIRO. Declarar admitidos/as aos/ás seguintes aspirantes:

R.E.	APELIDOS E NOME	DNI
1781	GONZÁLEZ PAZ, PERFECTO865-L
1800	GONZÁLEZ FERNANDES, MICHAEL792-V
1801	RODRÍGUEZ LÓPEZ, JOSÉ BENITO052-F

SEGUNDO. Non habendo candidatos/as excluídos/as a presente relación ten carácter de definitiva.

TERCEIRO. Designar como membros do tribunal cualificador das probas selectivas para prover polo sistema de concurso de méritos con carácter laboral temporal dun/ha PEÓN DE OBRAS aos/ás traballadores/as do Concello que se relacionan a continuación:

- Presidente: D. Pablo Antonio Álvarez Martínez, en calidade de funcionario do Concello de Lobios.
- Secretaria: D. Marta Izquierdo Gamallo, en calidade de Secretaria-Interventora do Concello de Lobios.
- Primeiro vogal: Dna. María Almeida Fernández, en calidade de Educadora Familiar do Concello de Lobios.
- Segundo vogal: Dna. Noelia Araújo Fernández, en calidade de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lobios.

Os membros do tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e os aspirantes poderán exercer o dereito de recusación na forma prevista no artigo 24 da citada Lei.

CUARTO.- Convocar ás anteditas persoas para as 10:00 horas do día 14 de outubro de 2016 coa finalidade de proceder a avaliar o currículo dos/as candidatos/as presentados/as, levantando acta de valoración de méritos e elevar a correspondente proposta de contratación á Sra. Alcaldesa.

QUINTO. Notificar a presente resolución aos/ás interesados/as e publicala no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Lobios.

Lobios, 11 de outubro de 2016

A Alcaldesa,

María del Carmen Yáñez Salgado

Ante min, a Secretaria,

Marta Izquierdo Gamallo